

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de

**CENTRO: CEIP PLURILINGÜE RAMÓN OTERO PEDRAYO**

**CURSO: 6º ED. PRIMARIA**

**MATERIA: CIENCIAS NATURAIS**

**DEPARTAMENTO: CIENCIAS NATURAIS**

**DATA: 07/05/2020**

Galicia.

## ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
CN-B4.1	6º-CNB4.1.1 - Investiga a través da realización de experiencias sinxelas para achegarse ao coñecemento das leis básicas que rexen fenómenos como a reflexión da luz, a transmisión da corrente eléctrica e os cambios de estado.
CN-B4.2	6º-CNB4.2.2 - Identifica e explica os beneficios e riscos relacionados coa utilización das enerxías renovables e non renovables: esgotamento, choiva ácida, radioactividade, expoñendo posibles actuacións para un desenvolvemento sostible.
CN-B5.3	6º-CNB5.3.1 - Identifica os elementos dun circuíto eléctrico, constrúe un e explica algúns efectos da electricidade.
CN-B5.3	6º-CNB5.3.2 - Observa e identifica as principais características dos imáns e relaciona electricidade e magnetismo.
CN-B5.4	6º-CNB5.4.1 - Coñece e explica algúns dos grandes descubrimentos e inventos da humanidade.

<b>2. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	<p>Procedementos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Observación traballo e a comunicación diaria.</li> <li>- Seguimento caderno de traballo (libreta) e Drive.</li> <li>- Revisión traballo en Classroom.</li> </ul>
	<p>Instrumentos: Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Cuaderno e portfolio do alumno.</li> <li>- Plataforma Google Classroom</li> <li>- QUIZZZ (aplicación para tests en liña)</li> <li>- Cuestionarios/formularios de google integrados en Classroom.</li> <li>- Drive (almacenamento virtual de Google)</li> <li>- Fichas método Cornell para análise de textos, vídeos, etc.</li> </ul>
<b>Cualificación final</b>	<p>Procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Realizarase unha media das 2 primeiras avaliacións, e sobre esa nota subirase ata un 10% en función da implicación e o traballo na 3ª avaliación.</li> </ul> <p>1ª av. (50%) + 2ª av. (50%) = media do curso presencial (MP)  Aumento de nota 3ª avaliación (A3) : de 0 a 10% da media presencial.  Cualificación final de curso = MP + A3</p> <p>O traballo na 3ª avaliación para subir ata o 10%, avaliarase a través dunha rúbrica que terá como ítems: nivel de comunicación e participación (tendo en conta os recursos), cantidade de tarefas entregadas, e calidade do traballo realizado.</p>
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	<p>Non procede.</p>
<b>Alumnado de materia pendente</b>	<p>Criterios de avaliación: Non procede.</p>
	<p>Criterios de cualificación: Non procede.</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación: Non procede.</p>

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<p><b>Actividades</b></p>	<p>Todas as actividades serán xestionadas a través de Classroom, e serán dos seguintes tipos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Repaso: dos contidos dos dous primeiros trimestres a través de exercicios interactivos.</li> <li>• Reforzo (para dous alumnos): dos contidos dos dous primeiros trimestres, a través de fichas e actividades interactivas fundamentalmente.</li> <li>• Ampliación: de contidos puntuais xa dados en 5º curso e dos impartidos nos dous primeiros trimestres de 6º, a través de distintas aplicacións web, análise de documentos, actividades interactivas e creación de vídeos explicativos. (Inclúese aquí a profundización, pero tamén certo avance de materia, adaptándonos á situación actual.)</li> </ul>
<p><b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Todos os días de 10 a 10:30, horas conexión cos 12 alumnos do grupo por chat para falar, avaliación emocional, resolución de dúbidas e facer o plan de traballo do día.</li> <li>• Conexión por chat de 10:30 ata as 14 horas para resolución de dúbidas.</li> <li>• Todos os venres videoconferencia con todo o grupo para falar, ofrecer acompañamento, comentar dificultades, e tamén testar a súa conexión a internet.</li> <li>• Tarefas creadas en Classroom.</li> <li>• Todos os materiais subíranse tamén a Classroom.</li> <li>• Todo o alumnado recibe notificación das tarefas creadas a través do correo electrónico.</li> <li>• Priorizaranse as actividades prácticas e nas que se potencie a creatividade.</li> <li>• Visionado de vídeos sobre os contidos e posterior resolución de dúbidas a través de chat (Hangouts) e videochamada (Cisco Webex e Hangouts).</li> <li>• Análise de documentos, pequenas investigacións, etc.</li> <li>• Ademais das asignaturas estándar, créase en classroom unha clase de titoría (con apoio emocional, técnicas de estudo, titoriais...), unha de lecer con ligazóns a revistas, pasatempos, banda deseñada..., e outra de TIC's con tarefas sobre aplicacións, titoriais, etc.)</li> <li>• Atención á diversidade con tarefas específicas a través de classroom, e tamén con videochamadas ou chamadas estándar.</li> </ul>
<p><b>Materiais e recursos</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Aplicacións web:             <ul style="list-style-type: none"> <li>◦ Mindomo</li> <li>◦ Quizizz</li> </ul> </li> <li>• Correo electrónico, Hangouts e Cisco Webex.</li> <li>• Classroom versión web e app para móbiles e tabletas.</li> <li>• Webs de actividades interactivas de Anaya e outras editoriais</li> <li>• Banda deseñada (Astérix, etc)</li> <li>• Libro de texto de Anaya.</li> <li>• Fichas en formato pdf.</li> <li>• Fichas método Cornell.</li> </ul>

<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	A través de: <ul style="list-style-type: none"> <li>• páxina web do centro (familias)</li> <li>• correo electrónico e chat (alumnado)</li> </ul>
<b>Publicidade</b>	Na páxina web do centro: <a href="http://www.edu.xunta.gal/centros/ceippedraioamoeiro/">http://www.edu.xunta.gal/centros/ceippedraioamoeiro/</a>